

ESTRELAS NO PETO

Puxen algunhas estrelas no peto
para os días fríos,
para os días escuros,
para ter sempre unha
velada romántica.

Puxen algunhas estrelas no peto
para adornar o teu cabelo
con flores de máxicos destellos.

Xosé Manuel Fernández Carballo núa calidade de
Secretario de NOSA (Agencia Espacial Galega)
certifica que este exemplar de "Estrelas no peto," poesía
vencedora do I Premio de Poesía Extratósfera na
categoría do HES Maruña Mallo, de Noelia Corea
Tuncal, viaxou coa Maruña Sat III á extratósfera
ata unha altura de 33223 metros o luns 7 de
maio de 2018.



LÉMBROTE NO COSMOS

Cando alcance o meu poema a gravidade cero,
sentirá o que o meu corpo cando me bica el:
 pés flotando, case tocando o ceo,
e a fraxilidade dun anaco de papel.

Desque souben do infinito do universo
puiden medir o alcance do meu amor.
Non hai alí estrela, comparábel ao brillo,
o brillo dos seus ollos, nin sequera o Sol.

Xosé Manuel Fernández Cortes, na súa calidade de Secretario de NOSA (Agencia Espacial Galega) e coñecido como PELIGROSA (Galicia), certifica que este exemplar de "Lembroto no Corno", vencedor do I Premio de Poetía infantil Miraflores, de Sandra Jómez Cortina, viúvado coa Hawmarat III a estratosfera ata unha altura de 33.223 metros o luns 7 de maio de 2018.

A. M. F. C.
ADM

NOSA
AGENCIA ESPACIAL GALEGA

MORTE HIPERESPACIAL

Que soas ficaron as nebulosas
co fin inexorable dos cálidos astros.
Soas, coitadiñas, estrelas decadentes
enchen o firmamento de acedos prantos.

Morte cruel, esa tredora maña
que deixa perplexo ao Universo coñecido.
Cálidos astros, esmorecemento imparábel,
outros láianse, pasenío, devagar.

Soas quedan, morren de pena,
soidades reprimidas, escuras, inquedas.
Ouh, morte, detén a túa gadaña,
imparábel corte de feridas bárbaras.

Québranse os astros e no sitio quedará
a supernova, por sempre e por sempre será.
Non é o teu final, cálido astro, non temas,
estouparás vital, vitorioso, sideral.

Cosmos, casa dos valentes, elevación espacial
as nebulosas amigas túas se farán.
Renacer forte é o teu deber, abofé.
Érguete invencible, con todo arrasarás.

Gravitación ultravioleta, colisión inminente,
formarás parte dun paseo espacial.
Os teus raios de luz sempre permanecerán, adeus
cos pés no chan e os ollos nas estrelas, cálido astro.

Lema: Anónima morte astral

Manuel Fernández, Citu, na súa catáfora de secretaria de Nosa (Bran-
ca Especial Escoller Salga) certifica que éste exemplar de "Morte hiperespacial",
ganador do Premio de Poesía Estratoférica na categoría do 1º Premio do
Concurso de poesía "Camallor, do que é sartosa blanca Seijo Delgado", via lonx a estratosfera
coa nau na satélite III ata enriba altura de 33223 metros o luns 7 de maio de 2011



MORTE HIPERESPACIAL

Que soas ficaron as nebulosas
co fin inexorable dos cálidos astros.
Soas, coitadiñas, estrelas decadentes
enchen o firmamento de acedos prantos.

Morte cruel, esa tredora maña
que deixa perplexo ao Universo coñecido.
Cálidos astros, esmorecemento imparábel,
outros láianse, paseniño, devagar.

Soas quedan, morren de pena,
soidades reprimidas, escuras, inquedas.
Ouh, morte, detén a túa gadaña,
imparábel corte de feridas bárbaras.

Québranse os astros e no sitio quedará
a supernova, por sempre e por sempre será.
Non é o teu final, cálido astro, non temas,
estouparás vital, vitorioso, sideral.

Cosmos, casa dos valentes, elevación espacial
as nebulosas amigas túas se farán.
Renacer forte é o teu deber, abofé.
Érguete invencible, con todo arrasarás.

Gravitación ultravioleta, colisión inminente,
formarás parte dun paseo espacial.
Os teus raios de luz sempre permanecerán, adeus
cos pés no chan e os ollos nas estrelas, cálido astro.

Lema: Anónima morte astral

Koá (Ansel Fernández Gómez), na súa calidade de secretario de Nosa (Asociación Especial Escolar Gallega) certifico que este exemplar de "Morte hiperespacial", venedor do I Premio de Poesía Estratéxica na categoría do IES Marco do Cebalo, do que é co autor Tomás Calviño, naciou coa Norma Sat III a entidade para esta enxeira altera de 33223 metro o luns 7 de maio de 2018. 



MORTE HIPERESPACIAL

Que soas ficaron as nebulosas
co fin inexorable dos cálidos astros.
Soas, coitadiñas, estrelas decadentes
enchen o firmamento de acedos prantos.

Morte cruel, esa tredora maña
que deixa perplexo ao Universo coñecido.
Cálidos astros, esmorecemento imparábel,
outros láianse, paseniño, devagar.

Soas quedan, morren de pena,
soidades reprimidas, escuras, inquedas.
Ouh, morte, detén a túa gadaña,
imparábel corte de feridas bárbaras.

Québranse os astros e no sitio quedará
a supernova, por sempre e por sempre será.
Non é o teu final, cálido astro, non temas,
estouparás vital, vitorioso, sideral.

Cosmos, casa dos valentes, elevación espacial
as nebulosas amigas túas se farán.
Renacer forte é o teu deber, abofé.
Érguete invencible, con todo arrasarás.

Gravitación ultravioleta, colisión inminente,
formarás parte dun paseo espacial.
Os teus raios de luz sempre permanecerán, adeus
cos pés no chan e os ollos nas estrelas, cálido astro.

Lema: Anónima morte astral

Nós Manuel Fernández Gómez na miña calidade de secretario de NOSA (Anónima Espacial Ecoloxista Galega) certifíca que este exemplar de "Morte hiperespacial",
vencedor do I Premio de Poesía Extraterrástrica na categoría dos 15-18 anos
de Camballos, do poeta coñecido Héctor Norela Fernández, máis ou menos á estatística
fica coa Nasa nasa III ata unha altura de 33.233 metros o lluns 7 de maio
de 2018. 



anómala

cando afastaron
as súas preocupacións
para navegar no mar do universo
eran de sobra conscientes da súa culpa
máis non dubidaron en desaprender o fogar
incomprendidos, insatisfeitos, intransixentes.

abandonaron ixnenuos o lugar e alá pouco quedaba,
agás comúns testemuñas cotiás de materia queimada,
marchando todos en longas necias naves de papel,
deixando atrás todos os distantes debuxos do pasado
na busca dun lugar onde reiniciar a súa existencia táctica,
espazos novos para insuficientes penitencias galácticas,
na procura dun exculpante botón de *replay* biolóxico
sendo eles (e só eles) os confesos criminais caóticos
naquela torpe, temeraria e traizoeira fuxida láctea.

a excepción que confirma a regra foi unha árbore violeta
e entre todas as posibles incidencias nunca imaxinaron tal
evidencia firme do maltrato que sufrira aquela esfera tempo atrás.
concluíron con tardía celeridade o vergonxento do desastre ambiental,
que tras milleiros de anos luz era imposible reparar e no que coa pasividade
do antigo e do vulgar a árbore non estaba disposta a aturar perdóns biodegradables.

sen ela non había más nada para o que mirar agás o vento constante naquel temporal
carente de factores naturais e lóxicos propios da climática adversa, falta de esperanza,
impónsese no cadro a planta que se autoproclama aldea á terra, absurda e alieníxena.

follas tinguidas de violeta en símbolo de rebelión erixidas nunha paisaxe desoladora,
último bastión de resistencia da vida alá onde só medra o silencio e crecen os solpores,
constrúe unha perspectiva ácida nun panorama grotesco, baleiro de significado agora.

case unha mofa, sátira cruel
demasiado morta como para vivir,
tan viva para morrer.

de ser as leis da ciencia xustiza,
non colonizaría nada, enfermiza,
mais a realidade, desactualizada,
neste caso xa non lexisla.

os aneis da cortiza son marcas da vellez,
a lonxevidade, as probas de estar alí e resistir,
comprobantes da loita nas catastróficas deshoras.

contrastan as cores das follas cos grises do chan,
a realidade das súas ramas coa escuridade do ceo,
a incoherencia das súas raíces e a preguiza do vento.

danzaba co inmóbil e crecía ás agochadas no verán,
pintaba de cor o páramo desértico na extinta primavera,
cantaba nun inválido intento de proclamar outros invernos,
voaba mías sementes inertes nos fictícios aires feroces do outono
alalás inútiles na atmosfera tóxica daquel chan negado a conversar.

mais aló segue, sobrevive e resiste envites do tempo e da area,
magnolias de inexistencia de xordas soportan o esquecemento,
desnutridas, descosidas, os desordes dos prantos tristes das sereas.
i eles nunca foron quen de voltar a aquela figura xeométrica imperfecta,
non serían quen de lle mirar aos ollos a aquel valente e bonito arbusto violeta.

Xosé Manuel Fernández Cortizo, na mis calidade de secretario de NOSA (Axencia Espacial)
Encar Gallego certifica que este exemplar de "Anómala", venedor do I Premio
de Poesía Estatal Pérgola na categoría oberta sobre o nome coa Axencia ESTADAL III d'estatal-
pera ata unha altura de 33223 metros o luns 7 de maio de 2018, fixo en do
que é auto Xosé Manuel Vidal. (Adj)

